

Transparencia municipal e paseo do Val do Maceiras

Como resposta ao rexistro no que solicitabamos o proxecto do Val do Maceiras respóndese por parte do Concello, equipo de goberno, que podemos consultalo pero..... Cando imos consultalo coa intención de analízalo e compartilo, tanto entre os membros de AER coma coa veciñanza en xeral atopámonos que tiñamos prohibido sacalo do despacho de Medio Ambiente e escanealo ou facerlle copia algunha.

O proxecto está rematado, conta coa autorización de Augas de Galicia e coas descrições técnicas respecto do tratamento para a construción da senda, muros e pontes. Tamén consta o mapa do percorrido e incluso menciona algunhas das ilegalidades cometidas con invasión da servidume de tránsito ou con industrias que contaminan o cauce.

Pero non pode ser público “¿ATA QUE SEXA ADXUDICADO?”.

Recentemente no informe de contas de 2013 intervención facía a seguinte reflexión:

“A maiores, esta Intervención recomenda que dentro das posibilidades municipais e da lexislación contractual se fomente a publicidade das licitacións. O seu uso fomenta a participación de diferentes licitadores e con carácter xeral supón aforros para o Concello. Coma exemplo sirva que aquelas licitacións que foron publicados nos boletíns oficiais nos tres últimos anos arroxaron unha baixa media do prezo de licitación do 22,11% fronte aqueles contratos que non tiveron dita publicidade que arroxaron unha baixa do 8,64%”

DESCOÑECEMOS AS RAZÓNS POLAS CALES UN PROXECTO “PÚBLICO” NON PODE SER COÑECIDO MÁIS QUE INDIVIDUALMENTE E POSICIONÁMONOS ABSOLUTAMENTE EN CONTRA.

Tanto neste coma en calquera caso, non entendemos que existan razóns para non fomentar a transparencia e a participación de todos aqueles que se preocupan pola boa marcha dos “nosos intereses”, OS DE TOD@S: que son intereses colectivos.

COÑECEREDES O PROXECTO E FAREMOS PÚBLICO ADEMAIS TODO O EXPEDIENTE DE SE PASEO DE 1,8 Km DE PERCORRIDO POLO MACEIRAS.